Cousas do Demo

Intro **G – D – Em – C / G – D – C – D**
Estrofas e retrouso **G – D – Em – C–D** | Peche **Em – C – G – D**

Intro
| G | D | Em | C |
| G | D | C | D |

Estrofa 1
G
E que pasaría aquél día,
D
que ata o Demo me dicía,
Em
hoxe é mellor que non saias,
C D
deixa a troula pra outro día!
G
Algo pasaba no corpo,
D
que ata a sangue percorría,
Em
sitios polos que non anda,
C D
quen sabía quen sabía!
G
Xunteime xa cos amigos,
D
era tarde, noite fría,
Em
cousas malas que aprendías,
C D
tamén boas iso é vida!

Retrouso
G
E o Demo, vendo tal vida,
D
moito, moito nos sorría,
Em
mentres nós cos seus cantares,
C D
esa esmorga acontecía!

Estrofa 2
G
Inda o Demo non sabía,
D
moi ben porque alí sorrían,
Em
mais na Rúa do Sol agarda,
C D
o viño, a caña e a alegría!
G
Uns chegaban xa ben antes,
D
outros tarde pra cantina,
Em
máis aquí ninguén agarda,
C D
iso non cambia na vida!
G
Mentres tanto alá na barra,
D
Óvalo que se chamaba,
Em
entre futbolíns e risas,
C D
a corbata vai manchada!

Estrofa 3
G
Pouco importaba esa mancha,
D
Rúa do Sol nos agardaba,
Em
e con semellante tropa,
C D
a noite non remataba!

Retrouso
Repite o retrouso completo.

Peche
Em
E xa case sen durmir,
C
e o sol petando na fiestra,
G
lembranzas da Noitevella,
D
aínda perduran na testa!
Em
Pois na praia de San Xurxo,
C
a pachanga non faltaba,
G
nin o Demo o pode crer,
D
resaca mellor non ter!
Em
Non te esquezas daquel día,
C
non o volvas a intentar!
G
Pois co Demo ese día,
D
aprendemos a xogar!

Retrouso final
Repite o retrouso completo.